

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/17	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	13 de xaneiro de 2022 (fixada por Decreto da Alcaldía n.º 2021-1643, de 29/12/2021)
Duración	Desde as 20:35 ata as 21:12 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
██████████	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ





	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	NON

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE DECEMBRO DE 2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** informa da existencia dun asunto para incluír fóra da Orde da Día relativo á proposta de adhesión ao Plan de Axenda Urbana da Deputación Provincial de Pontevedra.

Informa que dita proposta deriva dunha comunicación da Deputación enviada por correo electrónico con data 20/12/2021, non sendo presentada por dito organismo no rexistro de entrada deste Concello seguindo a normal e legal tramitación e procedemento, polo que se estivo agardando pola súa entrada no Rexistro Central municipal, non producíndose este a día de hoxe, segundo consta no informe emitido con data 13/01/2021 polo funcionario encargado do Rexistro D. Manuel Barreiro Barreiro.

Ante o sinalado, xustifícase a urxencia deste asunto para ser tratado na sesión plenaria a celebrar no día de hoxe en que por esta Alcaldía considerase de interese para o noso Concello a adhesión a este Plan de Acción e de non ser

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 6N4X2MT2P5F5XQA7WQ3X9HAR | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8



aprobado o acordo correspondente non se cumpriría o prazo establecido pola Deputación (antes do 17 de xaneiro de 2022) para acadar a dita adhesión e que nos poderá servir de apoio para a presentación de diversos proxectos de cara ao futuro para optar a fondos europeos.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para pedir copia da documentación que consta neste expediente e un receso para poder valorar este asunto aos efectos da votación da urxencia.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que a única documentación que consta no expediente é a comunicación da Deputación de Pontevedra de data 20/12/2021, aclarando que o expediente creouse no día de hoxe, xa que non podía haberse creado antes ante a inexistencia dun rexistro de entrada, pasando a ler a dita comunicación e que se transcribe a continuación:

“Estimado Alcalde

A Deputación de Pontevedra aprobou o pasado mes de xuño a elaboración do Plan de Acción de Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra destinado a ser o instrumento para converter á provincial no espazo máis sostible, resiliente, inclusivo e seguro.

Durante ese semestre realizamos o diagnóstico dos nosos plans, proxectos e programas segundo a metodoloxía da Axenda Urbana Española e entramos agora nunha nova fase de elaboración da Axenda propiamente dita na que aprobaremos as diferentes actuacións a desenvolver para o período 2022-2027 en eidos como o turismo, a xestión de residuos, a mobilidade, o emprendemento ou a eficiencia enerxética entre outros.

Neste proceso queremos contar coa participación e colaboración dos concellos, especialmente daqueles de menor poboación, que non dispoñen de medios nin recursos para elaborar o seu propio Plan Acción e que representa nha estratexia a ter en conta para a captación de fondos europeos (por exemplo o PIREP). Por iso, aqueles concellos que desexen adherirse ao Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra poderán facelo antes do 17 de xaneiro mediante acordo do órgano municipal competente no que manifeste a adhesión do seu concello ao Plan de Acción da Axenda da Deputación de Pontevedra segundo o modelo adxunto.

Agardamos conta coa súa implicación.

....”

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que a proposta está redactada de acordo co anexo que se xunta á anterior comunicación, de xeito que os acordos a adoptar serían os seguintes:

“Vista a comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra recibida por correo electrónico, relativa á adhesión ao Plan de Acción de Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra, segundo o establecido no artigo 21/22/23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

Visto o debatido neste punto da sesión.

Adóptase, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a adhesión ao Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra, nos termos de implicación no proceso participativo e de execución das actuacións que se contemplan en dito Plan e que sexan de aplicación este Concello.

Segundo.- Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello no Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra a





D. José Carlos López Campos, Alcalde deste Concello.

Terceiro.- Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestrutura do organismo provincial para os efectos oportunos."

O **Sr. López Bueno**, considera que se hai un informe de Secretaría procede dar traslado aos grupos da oposición.

O **Sr. Alcalde** lle reitera que non hai informe algún, tan só dita comunicación e a proposta redacta de acordo co disposto no anexo que se xunta á mesma. Tan só consta o informe do encargado do Rexistro Xeral sobre que dita comunicación non foi presentada por rexistro de entrada deste Concello; aclarando que ante esta falta dende o Concello nos puxemos en contacto coa Deputación sobre esta omisión, a cal informou que non se ía a presentar por rexistro xeral e que tan só estíbese comunicando por correo electrónico, algo moi estraño.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, preguntando cando tivo entrada esa comunicación no correo electrónico.

Responde o **Sr. Alcalde** que o día 21 de decembro de 2021, pero debido ao procedemento a seguir por administración electrónica, un expediente abrírase a partires do rexistro de entrada, pero ante a falta de que a Deputación seguira o procedemento adecuado tívose que abrir de oficio e a última hora, como explicou ao principio, reiterando o interese que ten para o noso concello á adhesión a este Plan.

A **Sra. Blanco Casais**, pregunta se se chegou a enviar por rexistro de entrada.

O **Sr. Alcalde** volve a reiterar o dito anteriormente de que non foi así.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación da urxencia desta proposta para a súa inclusión fóra da orde do día desta sesión, sendo aprobada por unanimidade, pasando a continuación a incluír e tratar o seguinte asunto:

Expediente 217/2022. PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PLAN DE AXENDA URBANA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** proceder a ler os acordos que se propoñen adoptar neste punto en relación co interese deste Concello a adherirse ao Plan de Axenda Urbana da Deputación Provincial de Pontevedra e redactada conforme ao Anexo I que se xunta á comunicación enviada por dito organismo.

Non habendo máis intervención, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 13/01/2022 en relación co asunto que se trata de seguido.

Vista a comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra recibida por correo





electrónico, relativa á adhesión ao Plan de Acción de Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra, segundo o establecido no artigo 21/22/23* da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
Visto o debatido neste punto da sesión.

Adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar a adhesión ao Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra, nos termos de implicación no proceso participativo e de execución das actuacións que se contemplan en dito Plan e que sexan de aplicación este Concello.

Segundo.- Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello no Plan de Acción da Axenda Urbana da Deputación de Pontevedra a D. José Carlos López Campos, Alcalde deste Concello.

Terceiro.- Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestrutura do organismo provincial para os efectos oportunos.

O **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha máis moción de urxencia para ser tratada fóra da orde do día desta sesión.

Non habendo, pásase á parte de Actividade de Control.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE NOVEMBRO DE 2021, AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS.

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de novembro de 2021 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2021-1395 ao número 2021-1478 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE DECEMBRO DE 2021, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 30 de decembro de 2021 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2021-1479 ao número 2021-1668 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.



C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia as quendas deste apartado o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen di que, debido a que estamos a principios de ano co orzamento prorrogado do anterior, pregunta ao Concelleiro delegado de Facenda se manexa algún prazo para someter a debate e aprobación o Orzamento para o exercicio 2022.

O **Sr. Alcalde** lle contesta informando que onte tívose unha reunión cos traballadores do departamento de Intervención da que se desprende que a previsión é que o Orzamento sexa sometido a aprobación inicial na sesión plenaria do mes de febreiro, previa a Comisión Informativa correspondente antes da última semana deste mes, esperando que esta previsión se cumpra.

O **Sr. López Bueno** pide que se lle traslade a documentación correspondente coa antelación suficiente aos efectos do debido estudo e fiscalización do expediente. Continúa lembrando que a Comisión Especial de Reto Demográfico débese convocar neste mes de xaneiro, tal e como se acordou, e, ante os datos nefastos de poboación que temos na actualidade, pide que a convocatoria non se demore, así como que no Orzamento para este ano se inclúan partidas que permitan levar adiante actuacións e medidas serias para frear e mellorar esta cuestión. Continúa trasladando as queixas da veciñanza polo mal servizo de recollida de lixo nas datas do Nadal, ademais de que varios contedores de lixo están a desaparecer dos seus emprazamentos; polo dito pregunta se existen novos criterios para o reparto de contedores nas rúas do casco urbano e se a aqueles que foron retirados van a volver ou non.

O **Sr. Alcalde** contesta que non existe ningunha orde de retirada de contedores nin de cambio das súas ubicacións, polo que a causa debe de ser outra, tal como roturas dos mesmos e estando a espera das súas reposicións.

O **Sr. López Bueno** prega que se repoñan e ademais lle consta que algúns dos desaparecidos non estaban en mal estado,.....

(VARIAS INTERVENCIONS E QUE NON SE APRECIAN NO AUDIO)

O **Sr. Alcalde** di que se os contedores se cambiaron de ubicación puido ser debido as actuacións que se están a facer de pintado da sinalización horizontal das rúas, esperando que unha vez rematados ditos traballos os contedores volvan ao seu sitio, en todo caso, o que se pretende é que o servizo de recollida de lixo se sega mantendo en cada zona.

Continúa o **Sr. López Bueno** reiterando o problema da iluminación na rúa San Antón, lembrando que, no seu día, o grupo de goberno dixo que a solución máis óptima era acender as dúas beirarrúas, sen embargo esta solución non se tomou aínda, polo que reitera esta demanda dos veciños e das veciñas desta rúa. Pregunta cando se van a reanudar as obras de asfaltado na Avda de Santiago, ante as queixas existentes.

Responde o **Sr. Alcalde** dicindo que, segundo información obtida, as obras nesa avenida se reanudarán o vindeiro luns, as cales foron paradas con motivo das vacacións de nadal dos empregados da empresa adxudicataria.



O **Sr. López Bueno** informa que nesa avenida estanse a crear charcos de auga ao pe dos pasos de peóns elevados, polo que prega que cando se reanuden as obras lle indiquen á empresa responsable que procedan a instalar reixas de desaugue e non polo sistema que está a utilizar e que é enterrar os tubos debaixo dos pasos elevados.

Tamén quere lembrar que existen mocións presentadas e pendentes de tratar nas correspondentes Comisións Informativas, por exemplo unha presentada polo seu grupo e pendente de ser sometida á Comisión Informativa de Benestar Social, pregando celeridade por ser un tema moi importante para o noso concello.

Pide a palabra o Concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís Rendo Araujo**, quen, dirixíndose ao Concelleiro D. Juan M. Constenla Carbón, lle lembra que non cumpriu o prometido o día 8 de decembro pasado, cando durante unha conversación telefónica se comprometeu a sacar unhas ramas e que, ao final, tivo que retirar el mesmo; así, aínda que é sabedor que agora o Sr. Constenla está moi ocupado, pídelles que cumpra co seu traballo e, en caso contrario, se *“non pode coa cesta póusea”*.

O **Sr. Alcalde** considera que o Sr. Constenla non ten a función de retirar as ramas, serían máis ben as brigadas de mantemento e, si esta non foi, seguramente non sería porque o Concelleiro non llo dixera, senón que, ao mellor, habería outras cuestións de maior urxencia; de todos os xeitos se lles dará traslado desta queixa e se intentará, na medida do posible, dar pronta resposta a todas esas peticións que nos trasladan en cumprimento das súas funcións como Concelleiros e Concelleiras. Finalmente pide desculpas polo sucedido, pero hai que ter en conta a falta de persoal neste momento e o volume de traballos que soporta este servizo.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para preguntar como se solucionou a antena de televisión de Codeseda.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non foi un tema sinxelo, pero despois de traballar de forma directa con Retegal e con algunha outra empresa especializada neste tema, chegouse a unha alternativa factible economicamente e que foi a colocación dun poste de 50 metros máis arriba, en dirección ao monte, para ubicar a zona de recepción da sinal, quedando a zona de remisión no mesmo lugar no que está agora, e, en principio, parece ser que esta actuación solucionou o problema, pero se a masa forestal segue medrando, seguramente dentro dos anos haberá o mesmo problema, sen embargo a día de hoxe e por un tempo o problema está solucionado.

A **Sra. Mar Blanco** di que ten coñecemento que unha parte do lugar da A Sagrada aínda sofre deficiencias na recepción da sinal, polo que prega que se informen sobre isto e se lle dea solución.

O **Sr. Alcalde** di que a empresa que fixo os traballos se desprazou, ao finalizar, a todas as zonas afectadas pola falta de cobertura para facer comprobacións da cobertura e cun resultado favorable, pero pode haber algún caso en concreto que non reciban a sinal por mor da orientación da antena da súa casa, polo que terán que comprobar e orientala ben.

A **Sra. Mar Blanco**, en relación ao descubrimento duns petróglifos en San Xurxo de Vea, entende que é un ben importante para o noso concello e, polo tanto, sería necesario proceder á súa sinalización e protección para poñelo en valor e dalo a coñecer favorecendo a súa visita.

Ademais prega que se inicie un plan de mantemento e recuperación de todo o patrimonio natural e arquitectónico local, así como a súa debida sinalización.



Pregunta se o Concello ten previsto algo coa nova rotonda da Avda de Pontevedra, a cal ve moi deficiente e que posiblemente xerará problemas de circulación con posibles accidentes; aínda que é consciente de que esta é responsabilidade do Ministerio de Fomento, o Concello, como mínimo, debería pregunta a este organismo se dan por válida esta rotonda o é unha chapuza que teñen que reconducir.

A esta última pregunta, o **Sr. Alcalde** responde que esta rotonda foi unha condición que puxo o Ministerio de Fomento á hora de aprobar o Plan Parcial de Desenvolvemento da Avda de Pontevedra, porque consideraba que non se podía abrir novos viais e novos acceso á N-640 e, para facer unha vía de servizo, era necesaria unha rotonda. Informa que esta rotonda é provisional, porque o Plan Xeral contempla outra máis ampla e cunha maior dimensión vinculada ao desenvolvemento urbanístico de varios ámbitos, pero como non se podía condicionar este proxecto ao desenvolvemento marcado polo Plan Xeral, entón Fomento deseñou unha estrutura facilmente desmontable e provisional e que non invadise os ámbitos de desenvolvemento futuros.

Coincide en que esta rotonda non é unha solución axeitada e definitiva, pero, unha vez falado con Fomento, esta se adapta ao informado por este organismo e, máis adiante, procederase á instalación dunha nova co novo proxecto.

Continúa a **Sra. Blanco Casais**, en relación ás queixas dos veciños sobre o mal estado das vías na zona Monte Calabar, prega que estas sexan arranxadas.

Non habendo máis intervencións polas Concelleiras e Concelleiros asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas e doce minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

